

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de Seguridade,
Contratación, Festas e Xestión
Municipal**

Área de RRHH e Formación

CIRCULAR INFORMATIVA

Aos efectos do debido coñecemento polas persoas aspirantes aos procesos de selección de persoal convocados polo Concello de Vigo, así como dos órganos de selección, pola presente e para xeral coñecemento comunícase o seguinte:

- 1.- Non está permitido o uso de dispositivos electrónicos nin de accesorios vinculados ou conectados a eles, tales como teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, airpods/earpods e auriculares e dispositivos de transmisión de son, imaxe, información e ondas; de escoita; as smartglasses -gafas con cámara, videocámara e/ou dispositivos dixitais e/ou de intelixencia artificial integrada ou integrable mediante conexión- e as súas fundas; bolígrafos con cámara, micrófono ou gravadora, ou transmisión de son, imaxe, información e/ou ondas; dispositivos de gravación de imaxe e son; nin de dispositivos de tecnoloxía e funcionalidade análogas.
- 2.- Se a persoa aspirante portase algún dispositivo electrónico, éste deberá permanecer gardado e apagado ata que remate a proba. No suposto de concorrer a necesidade de uso de audifonos ou de dispositivos análogos necesarios por razóns clínicas, deberá aportar ao órgano de selección o certificado médico acreditativo ao efecto, que indique a concreta necesidade do dito uso.
- 3.- A detección da utilización desta clase de dispositivos durante as probas selectivas en forma tendente á obtención de vantaxe fronte aos restantes aspirantes, a simular estar en disposición de coñecementos esixidos polas bases reitoras da convocatorias en forma fraudulenta, así como a colaboración de terceiros coas mesmas en condutas irregulares que se poda eventualmente detectar, serán postas en coñecemento das autoridades e órganos competentes, sen prexuízo das actuacións administrativas que ao efecto corresponda realizar ao Concello de Vigo.
- 4.- Os órganos de selección están facultados polas bases reitoras para solicitar das persoas aspirantes as aclaracións complementarias que estime precisas, así como para declarar como excluídas a aquelas persoas aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas.

O cal se informa para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa de Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez.

Conforme, A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025).- Patricia Rodríguez Calviño



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/05/2026 14:15	Páxina 1 de 1
48850-220	CSV: AHB3AA-DBD887-E53HC5-NGC2UW-Y46YUD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		